

COMO CHO CONTO!

CEIP Plurilingüe _____

Santa Rita



Setembro-Dezembro
2012

SETEMBRO 2012

O día 12 de setembro comezou a aventura dun novo curso escolar. Démoslle a Benvida ás novas familias que entraron a formar parte da nosa Comunidade Educativa.

AS NOVIDADES:

O EQUIPO AZUL. Nenos e nenas de tres anos pasaron polo período de adaptación. Os choros deron paso a amplos sorrisos e agora podemos velos preparados e contentos para grandes aprendizaxes dentro do seu mundo infantil. A profesora Inés, tamén nova no cole é a capitana do Equipo Azul. A profesora María tamén pasará tempo con este Equipo.



O **EQUIPO VERDE**, de 4 anos comezaron o curso coa mestra Marisol.

O **EQUIPO VERMELLO**, de 5 anos aprenden coa profesora Pilar. Teñen un novo compañeiro no Equipo vermello. Chámase **Iago**.

E QUE DIN OS DE PRIMARIA?

PRIMEIRO

Xa estamos no primeiro andar! Xa estamos en Primaria! Agora traballaremos nos nosos cadernos. Temos os estoxos preparados. Teremos clase de E. Física!! E Plástica en Inglés! Xogamos no patio grande. Tres novos compañeiros están no noso grupo: **Rodrigo**, **Alejandro** e **Marta**. Benvidos! Profesora Ana, comezamos!

SEGUNDO

Somos 21. Unha boa tropa! Medramos no verán e agora a clase fáisenos pequena. Estamos todos moi xuntiños. No grupo hai dous rapaces novos: **Nicolás** e **Miguel**. A profesora tamén é nova este ano. Chámase Cristina e con ela aprenderemos as cousiñas que se aprenden en segundo curso.

TERCEIRO

Estamos moi emocionados coa chegada de Juan ao noso grupo. **Juan**, o rapaz novo xa é o noso amigo. Él está aprendendo a escoitar cun aparatiño que ten na cabeza, por riba da orella. Falámoslle de fronte e ata aprendemos algúns signos para poder comunicarnos con el. Que sorte a nosa! Este é un cole Plurilingüe no que aprendemos catro linguas: galego, español, inglés e Lingua de Signos. Plástica é en Inglés este curso e o que vén. Comezamos o 2º ciclo! Cambiamos de cor vermella a cor azul no recuncho da Biblioteca. O noso profesor titor é Paco Luís. Ademais de mestre é mago porque fai verdadeiros trucos de maxia.

CUARTO

Nós seguimos coa nosa titora Laura. Somos os mesmos, a mesma titora, ata a mesma aula pero...un curso máis arriba.

Gustaríanos seguir participando das actividades do cole, de proxectos, como a Campaña das Avoas, do curso pasado. Agora estamos máis preparados para ese tipo de traballo. Seguiremos traballando coas avoas?

QUINTO

Entramos no terceiro ciclo! O noso titor é Pepe. Somos Abalar e aprenderemos moito coa axuda das tecnoloxías. Estamos emocionados cos portátiles que temos para traballar.

O feito de pasar ao terceiro ciclo tamén significa que somos colaboradores no Comedor e na Biblioteca. Así imos collendo responsabilidades.

SEXTO

Os maiores do cole! Que responsabilidade! A nosa titora segue sendo Sandra. Ela e todo o Equipo docente do 3º ciclo prepararanos neste último curso no cole de Primaria. De seguro que nos agardan moitas sorpresas e moitos momentos emocionantes. Temos moita ganiña de facer cousas xeitosas e deixar unhas boas pegadas do noso paso polo colexio. Coidamos que este curso será un curso moi especial!

XA PASAMOS LISTA, PERO AGORA... **QUEN NOS FALTA?**

- En xuño despedímonos do grupo de sexto que este ano comeza no Instituto.



En Infantil preguntan polas mestras **Tara, Aurora e Fátima**.

En segundo lémbrense e botan en falta ao mestre **Ramiro** e á compañeira **Eva**.



En terceiro notan a falta de **Sebas** e de **Laura**.



OUTUBRO 2012

Alumnado de 6º curso estivo preparando coa profe Sandra un concerto: unha peza clásica de Manuel de Falla (Amor Brujo), "Catro vellos mariñeiros" e concerto da Movida Galicia Caníbal. Unha representación de música española e música galega do século pasado. Pois era unha actividade prevista dentro do **Proxecto Comenius** "*The journal brought two centuries*". Nesta ocasión o tema era a música.



A posta en escena e a gravación destas pezas tivo lugar no Teatro Pastor Díaz.

As mestras Sandra e Mari viaxaron a Eslovaquia para presentar o traballo feito aos demais socios Comenius. Eslovacos, turcos, franceses, polacos e españois presentaron as súas aportacións ao Proxecto no eido da música de cada un dos países nos dous últimos séculos. Curioso e enriquecedor o traballo resultante do intercambio e a posta en común.



SAMAÍN 2012



HALLOWEEN

31st October.

Halloween e **Samaín**. O cole encheuse de bruxas, esqueletos, vampiros...

Festa das cabazas.
Cabazas ou cabezas?



O Conde Drácula documéntase na Biblioteca para saber Onde viven os Monstros.

Di a Lenda que a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro ábrese a porta do mundo dos mortos e as ánimas visitan o mundo dos vivos, a súa casa, aos seus parentes. Para mostrarlles o camiño a xente prende velas na noite escura.



Eu dixen :
"trato".



O alumnado de 3º ciclo (quinto e sexto) acompañaron á Teacher Mary a facer o recorrido por todas as aulas do colexio. Armados cunha caixa rechea de pequenas cabaciñas que gardaban unhas lambetadas para repartir, fixeron o **Trick or treat?**



Que coceran as nosas bruxas do Samaín? Teñen un libro de receitas! De aí xurdiu a idea de facer, en colaboración coas familias unha recollida de receitas de outono e inverno. Con produtos do outono e para pasar os tempos fríos. Velaquí unha mostra das primeiras receitas que fixeron os nenos con axuda das súas familias.

Anka Vidal Nebril

O CALDO GALEGO **ANTÍA**

Ingredientes: fabas, lacaón, panceta, chourizo, carne fresca, patatas, verduras (grelos ou repolo según o gusto de cada un).

⇒ Cocer as fabas e a carne nunha pota con auga durante máis ou menos 1 hora e media ou dúas horas. Non olvidar de engadir na auga un pouco de aceite virxe e un pouco de sal.

⇒ Sacar a carne da pota e engadir na auga as patatas e a verdura. Deixar cocer máis ou menos 2 horas e media.

BISCOITO DE NOCES

1. 400GR. DE FARIÑA
2. 3 OVOS.
3. 1 LIMÓN.
4. 1 IOGUR NATURAL.
5. 1 SOBRE DE LEVADURA.
6. 1 VASO DE ACEITE DE OLIVA.
7. 1 VASO DE AZÚCRE.
8. NOCES AO GUSTO.

REMEXER!
ATA QUE A MESTURA QUEDE ASÍ:

ELABORACIÓN
MESTURAMOS TODOS OS INGREDIENTES COMEZANDO POLA FARIÑA, PARA MEDIR O VASO DE ACEITE É DE AZÚCRE EMPREGAMOS O VASO DO IOGUR.

E LOGO TEMOS QUE REMEXER E

ATA QUE A MESTURA QUEDE ASÍ:

O ÚLTIMO PASO É METELA NO FORNO 45 MINUTOS A 180°.

E A COMER!

Cristina 4º

Empanada
Galega de Bonito

Ingredientes:

- Coladas
- Pimentón morreón
- Ala
- Nada
- Pimentón ou açafrán
- Sal
- Haxe fermentada do que se use facer pan folla ben grande.
- Bonito

Preparación:
Preparar un quilo de coladas pimentón morreón, alia e crout. Baxarase con açafrán ou pimentón a o cal necesario.

A este quilo únesele o bonito e cando está a media cocida untárase de lardo.

Examinar o estado do quilo e mostráballas desde que o absorba e formar a empanada.

Metela ao forno e cando táime con dor con pinela, unha man con xemo de ovo e auga e pontagais firmemente a crout.

Caldo Galego que fixo Antía de 4 anos cos seus papás.

Biscoito de noces que fixo Noa de 3 anos co seu papá.

E Empanada de Bonito por Cristina, de 4º curso de Primaria.

Cando as teñamos todas, trataremos de facer un bo receitairo ilustrado para incluír na nosa Biblioteca.

NOVEMBRO 2012

Imos de festa en festa. Aínda coas cabazas na cabeza, o **9 de novembro** celebramos o Magosto no colexio. Ese mesmo día a castaña compartiu protagonismo co peón.

Sabedes...


COMO CELEBRAMOS O MAGOSTO NO NOSO COLEXIO?

Todos os anos, polo outono, e despois da festa do Samaín , preparámonos para celebrar o Magosto: a festa da castaña.

Outros anos íamos a soutar a un souto preto do cole.Un día íamos coller setas guiados por un micólogo e outro día íamos ao souto a apañar as castañas,...

Este ano, coma no ano anterior, non facemos saídas fóra do cole, pero sen saír do cole podemos celebrar igual as festas.

Temos moita sorte! No noso colexio tamén hai castiñeiros, así que podemos soutar sen saír do recinto escolar. Nos recreos de outubro divertímonos apañando castañas.



Ademais, emulando ao propio Magosto en grupos, nós, por grupo-clase ou ás veces por ciclos, preparamos a nosa indumentaria para ese día. Esta organización en grupos sérvenos para traballar a identidade de grupos e para organizarse para as festas de todo o ano. O que aprendemos con todo o proceso podémolo aplicar en outras situacións que se asemellan. Noutras festas.

Temos que ter en conta as inclemencias do tempo. Plan A e Plan B. Buscamos o día máis significativo e, como non sabemos de certo se vai choiva ou quenta o sol, eliximos os espazos:

- Fóra sentados no campo seco, iso quer dicir que quenta o sol.
- Fóra pero a cuberto baixo o teito do Pavillón ou
- no caso de chover con vento e choiva diagonal, teremos que degustar as castañas máis apertadiños no Ximnasio.

O noso traballo previo consiste en deseñar gorro e cesto para ese día. Ademais dun traballo artístico e manual é un traballo en grupo. Decidido o deseño, reúnen os materiais necesarios e poñémonos a traballar.

Este ano aproveitamos deseños doutros anos por sinxelo e cómodo. lembrando:” *co que teñamos e sen meterse en gasto*”. A reciclaxe tamén forma parte do Outono e da festa. Este ano tampouco dispuxemos de moito tempo para as artes manuais. A verdade é que houbo sempre deseños moi xeitosos.

Parámonos un pouco a explicar os **deseños do ano pasado**, para que vos fagades unha idea.

A tropa de **INFANTIL** guiados polas súas supermestras pintaron, picaron, recortaron e decoraron cacharro e cinta do pelo con motivos de ourizos e castañas.



Os grupos de **1º e 2º curso de Primaria** sorprendéronnos a todos cun deseño feito con cartóns de leite baleiros recubertos de follas do millo pintadas coas cores de outono. Como sombreiro que reclame sol, unha viseira de Dona Castaña móbil en relevo, con pelos tamén de millo. Sen dúbida, unha auténtica homenaxe ao outono, espírito do Magosto.



Os de 3º e 4º desenvolveron un deseño máis complicado. Lembremos que 3º e 4º teñen as clases de Artística en Inglés. A estes rapaces e rapazas xa lles tocou ser sequeiros en máis dunha ocasión, foron ao soto en anos anteriores. Así que poñendo o punto forte no artístico e adiantando xa un “mundo ao revés, tema de Entroido, saíron a celebrar o magosto cunha cesta de castañas como sombreiro, na cabeza. E un bolsiño que....Toma castaña! Algúns fixeron o típico cucurucho con papel de xornal pero reforzado e escollido en imaxes e texto. Máis que un cucurucho semellaba un sombreiro de papel. O que vos contamos, o mundo ao revés con estes rapaces!



Quinto e sexto puxo acento na presentación oral dun deseño feito para o grupo, pensando no grupo que o ía levar. Debían expoñer os seus bocexos e argumentar porque o fixeron así e non doutra maneira. Na elección primou a moda, así que se decantaron polos deseños máis “fashion”. Bolsos moi cucos (que logo resultaron incómodos pois ocupaban unha man posto que habíaos que pousar nalgures para non perder baza espenicando as castañas). Aprenderon que non só hai que fixarse na estética á hora de eleixir un complemento.

Os gorros de Robimpán (xuntando os modelos de Robin Hood para os cabaleiros e Peter Pan para as donas) . Vaia!,por elección da maioría puxémonos todos a coser. Tamén gustou moito a idea de facer recipientes dobres , con dous apartados: un para as castañas e outro para as cascas. Papel de xornal presente pero co deseño mellorado. Recubriendo dúas bases de plástico de iogures grandes e reforzado con moita cinta adhesiva.



Toma, Conchi.
É para ti!



MAGOSTO 2012



9 de novembro

Nas semanas e días previos falamos nas clases da orixe do Magosto, de porque se fai unha celebración na honra á Castaña e ao Outono. Procuramos na busca de sentido, do significado desta festa tan antiga. O Magosto é unha festa nosa, do noso outono e dos nosos produtos das árbores. Indagamos nalgúnhas adiviñas, refráns, cantigas, receitas e contos coas castañas como protagonistas. Os máis atrevidos ata argallan contos, bandas deseñadas ou cantigas por estas datas.



Gústanos celebrar esta festa en grupos que forman parte dun grupo máis grande. O grupo do cole, así en Comunidade cantamos, xogamos e as castañas degustamos.

Toma castaña!



A profe **Silvia** axuda a pelar as castañas ao **Equipo azul**, de 3 anos.



O **Equipo verde**, de 4 anos contan e comen castañas moi afanados.



O **Equipo vermello**, de 5 anos xa comeron unhas cantas.




En **Primeiro** houbo quen quixo repetir e pediulle máis castañas a Katie.





Os de **Segundo**
comen e
conversan
alegremente



Peoón,
peoón,...


Terceiro ensaia unha
canción para logo cantarlle
ao peón.



Os cestos de **Cuarto**
xa están case baleiros.



Quinto e Sexto, rapaces e rapazas de viseras verdes personalizadas.





It's easy!



A profe Silvia puxo a grandes e a cativos a bailar o peón. Non se librou nin Katie. Descubrimos que Paco é un mestre do Peón.

A tarde da celebración do Magosto tivo lugar no centro da pista grande unha demostración de baile de peóns. Foi moi divertido! O alumnado de terceiro curso amenizou a tarde cunha canción dedicada ao peón. Outros grupos cantáronlle á castaña, raíña do Magosto.



En fin, co Samaín e o Magosto celebramos un...

Outono de colleita. Recollemos froitos pero...que plantamos?

Tulipáns!

Se queremos anunciar por marzo a primavera cuns fermosos tulipáns no xardín da entrada do colexio, haberá que plantalos.

A profesora Ana encargou uns bulbos para plantar. Polo xardín desfilou o alumnado de Infantil, de Primeiro e de Segundo de Primaria.

Houbo que facer os regos na terra. Colocar os bulbos separadiños uns doutros e co

piquiño para arriba. Tapar suaviño coa terra. Doado, verdade?

O tulipán é unha planta que aguanta ben o frío do outono e do inverno. Van a ser os tulipáns do xardín da entrada os que anuncien en Marzo a chegada da primavera.

Verémolos medrar?!



Día dos Dereitos do Neno. INFANCIA


20 novembro



O día 20 de novembro foi un día moi especial para todos os nenos porque celebrouse o noso día, o día dos nosos dereitos. Para conmemoralo os **alumnos de sexto** limos algúns dos Dereitos dos nenos e logo dividímonos en grupos para elaborar unhas colaxes onde expuxemos algúns dos nosos Dereitos e tamén pegamos algunhas imaxes e debuxos para representalos.

Para a maioría dos nenos e nenas que vivimos aquí, este día non nos parece tan importante porque todo o mundo respecta os nosos dereitos. En cambio, noutros lugares do mundo os nenos darían o que fora por estar no noso lugar. Eles non teñen a oportunidade de ir á escola, de aprender, non teñen unha casa en condicións onde poder durmir e onde poder sentirse seguros. Non teñen as mesmas oportunidades que nós. A eses nenos e nenas parécelles moito máis importante ese día. A nós sóenos parecer un día normal pero debemos, polo menos, recordar que é o noso día.





Fixeron murais reflexo do tratamento do tema os alumnos de E. Alternativa de 3º de Primaria e tamén o alumnado de Infantil.



25 de novembro

Thanksgiving day


Outra festa máis! Katie preséntanos unha celebración importante no seu país, **Estados Unidos**. Alí é importante o **Día de Acción de Grazas**. A cita é o cuarto xoves de Novembro.

As familias reúnen-se para cear. O menú típico de esta festa é o pavo.

Katie contounos da orixe e da historia desta festa. Así que fixemos uns bos pavos!



DECEMBRO 2012



Celso Emilio Ferreiro

ANO 2012. ANO CELSO EMILIO.



Algumas **alumnas de Quinto** curso sumáronse ao recital de poemas de Celso Emilio.

Os poemas foron gravados en vídeo para ser visionados polos compañeiros nas computadoras do Ciber Mural.





O mestre Paco Luis fixo unha boa selección de vídeos documentais sobre a vida e a obra de Celso Emilio, poemas musicados, galería de fotos e vídeos de recital de poemas polas alumnas de Quinto.

O día 12 do 12 ás 12:00 houbo recital de poemas de Celso Emilio do máis especial.

Cando chega o mes de **decembro** hai que ir pensando na ornamentación, en preparar o ambiente para as festas do inverno, para as festas do Nadal.

Para a decoración do colexio, todos os anos poñémonos dacordo elixindo só dúas cores para a decoración. Unha delas a elixir entre o dourado e o prateado. A segunda cor xa pode ser calquera outra que faga un bo contraste de festa. Un ano foi dourado e verde. O ano pasado foi vermello e prateado. Este ano...os corredores e a entrada lucen en azul e prateado. Así que o mes de decembro estamos grandes e pequenos argallando estrelas, farois, e outros ornamentos. Traballamos cun obxectivo común: vestir de gala o colexio, con ambiente festivo. Artesanía con baixo orzamento. Os pequenos a picar e os non tan pequenos a recortar.



Boliñas de Infantil- Picadas e adornadas con pegatinas de estreliñas prateadas.

Espumillóns do 1º ciclo de Primaria con detalle de campá en prateado.

Farois fantasía do 2º ciclo de Primaria.

Árbores de Nadal do 3º ciclo de Primaria.



Ho,ho,
ho....!!!



Para poder celebrar as festas en familia temos uns días de vacacións. Sabemos aproveitalos? É tempo de dialogar e de compartir tamén as cousas que suceden e se aprenden no colexio. Xuntos para disfrutar e conversar. Vémonos de volta en Xaneiro!!